

CADERNO PARA  
COLOREAR

XUNTA DE GALICIA

ELAS  
SON ANIMAIS  
CADERNO PARA  
COLOREAR

EDITA

Secretaría xeral da Igualdade.  
Xunta de Galicia

IDEA E REALIZACIÓN Fausto Deseño Asociados

**Os primeiros libros que chegan a nenas e nenos adoitan presentar animais.** Entre cero e tres anos, a iniciación na lectura visual case sempre recorre a osos, cans, parrulos... Trátase dunha aprendizaxe con debuxos e textos moi sinxelos aos que o prelectorado accede a través da mediación de persoas adultas, con frecuencia no contorno familiar. O problema reside en que, a maioría das veces, eses animais se presentan en masculino, salvo no caso dos nomes epicenos, o cal deriva en que nesa importante franxa de idade, na que se accede ao coñecemento do mundo, as primeiras palabras se aprendan sempre en masculino. Nas ocasións nas que aparecen animais en feminino, estes van asociados ao papel de nai e cunha marcada tendencia —tamén na linguaxe— á tenrura e ao empequencemento mediante diminutivos.

A nosa pretensión con este libro é que os máis pequenos e pequenas aprendan tamén o nome das femias deses animais, ademais de reforzar a súa interpretación como seres fortes, independentes, traballadores... Deste xeito, o feito de que o debuxo, pola súa simplicidade, poida corresponder cun can ou cunha cadela, potencia unha visión igualitaria do reino animal, ao tempo que instala tamén como primeira referencia para o lectorado o xénero feminino.

É unha pequena pero valiosa achega. Cando os cativos e as cativas vaian pola rúa falarán de «cadelas» e, aínda que en moitos casos serán as e os proxenitores quen se encarguen de explicarlles a diferenza, na súa mente xa existirá a palabra en feminino. No caso de que dixesen «can», é máis que probable que ninguén os corrixisen —aínda que o animal fose unha cadela—, de maneira que acabasen concibindo o reino animal como un todo masculino. Así mesmo, cremos que con esa aclaración por parte das proxenitoras e dos proxenitores, logramos unha primeira educación na diferenciación inocente, natural, libre e enriquecedora entre masculino e feminino. | SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE



# ELAS SON ANIMAIS



Loba



Porca



Cadela



Burra



Osa



Vaca



Gata



Coella



Lagarta




Parrula



Cabuxa



Pita



Pomba



Leoa



Raposa




Rata



Mona

Elefanta



Egua




A mona pensa  
en escribir un conto.



A lagarta, por se acaso,  
sempre leva paraugas.





A coella non lle ten  
medo ningún á dentista.







A cadela gañou o concurso  
de coidar ovellas.



A loba  
é unha cantante famosa.



A gata experimenta coas cores  
porque quere ser pintora.




A parrula fabricou  
o seu proprio xeadó.





A camada da leoa  
non lle deixa botar a sesta.



A burra aprendeu soa  
a camiñar.




A rata é a dona  
dunha queixaría.




A osa lava a cara  
pelas mañás.





A cabuxa chegou  
ao curuto da montaña.



A vaca ten dous cornos  
para defenderse.




A pita necesita  
unhas boas vacacións.



A raposa soña  
cun abrigo novo.






A pomba é  
a mellor carteira  
do mundo.



A equa está contenta  
porque é a nova alcaldesa.



A elefanta  
é o animal meirande da Terra.



A porca estuda muito  
porque é moi curiosa.